

Resolución Reitoral do 2 de febreiro de 2021 pola que se publica a oferta de obradoiros para o segundo cuadrimestre do curso 2020/2021, no Campus de Ourense

En virtude do disposto no último parágrafo da R.R. do 1 de decembro de 2021, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2020/21, e consonte ao acordado pola Comisión de Cultura e Deporte, delegada do Consello de Campus de Ourense, na súa xuntanza do 15 de xaneiro de 2021,

Esta Reitoría, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a publicación da oferta de obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo para o segundo cuadrimestre do curso 2020/21, no Campus de Ourense (Anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ourense, 2 de febreiro de 2021

O reitor

P.D. (R.R. 26/5/2020; D.O.G. 4/6/2020)

A vicerreitora do Campus de Ourense-Campus da Auga

(Asinado electrónicamente por Esther de Blas Varela)



Oferta de obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2020/21 no Campus de Ourense

Código	Nome do obradoiro	Lugar	Límite de prazas	Mínimo prazas	Horas	Créditos ECTS	Data de inicio	Horario
2020/850	Obradoiro para deixar de fumar. Deixar de fumar, a opción máis saudable	Facultade de Educación e Traballo social	15	10	20	0.7	24/02/21	Mércores, de 12 a 14 e de 16 a 18 (ocasional)
2020/851	O viño: da esencia á emoción	Edificio Politécnico	18	12	36	1	12/03/21	Venres, de 16.30 a 20 h
2020/852	Revalorización de residuos agroindustriais: avanzando cara unha economía circular	Edificio Politécnico	10	7	25	0.8	1/06/21	Martes a venres, de 9.30 a 18.30
2020/853	Como facer mellores preentacións e non morrer no intento	Campus remoto	30	21	30	1	1/03/21	Luns, de 16 a 20
2020/854	Introdución á PNL (Programación Neurolingüística)	Facultade de Educación e Traballo social	20	14	20	0.7	10/02/21	Mércores e xoves, de 16 a 20
2020/855	Domesticación de cogomelos	Edificio Politécnico	14	10	30	1	3/03/21	Mércores, de 16 a 19



Código	Nome do obradoiro	Lugar	Límite de prazas	Mínimo prazas	Horas	Créditos ECTS	Data de inicio	Horario
2020/856	Usos das árbores	Campus remoto e exteriores campus	16	11	30	1	18/03/21	Xoves, de 16 a 19
2020/857	Creación de contornos interactivos con H5P	Campus remoto	10	7	22	0.7	15/03	Luns e mércores, de 17 a 19
2020/858	Aula de teatro. Nivel 1, Rosaura	Aula de teatro	15	10	45	1.5	2/03	Martes e xoves, de 19 a 22
2020/859	Aula de teatro. Nivel 2, Cordelia	Aula de teatro	15	10	55	1.8	2/03	Martes e xoves, de 19 a 22
2020/860	Aula de teatro. Nivel 3, Maricastaña	Aula de teatro	15	10	120	3	1/03	Luns e mércores, de 19 a 22
2020/861	Espazo de danza	Facultade de Educación e Traballo Social	12	8	30	1	2/03	Martes e mércores, de 19 a 21 h
2020/862	Obradoiro de gaita	Espazo Asociacións	10	7	30	1	4/03	Xoves, de 18.30 a 21.30
2020/863	Introdución á observación astronómica	Edificio Politécnico	15	10	30	1	6/04	Martes, de 20 a 01.00



Periodo de matrícula: do 10 a 24 de febreiro de 2021.

Taxas de matrícula: 40 euros para o público en xeral e 26 euros para as persoas da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

Ao remate do obradoiro expedirase diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas) con recoñecemento dun crédito ECTS para as ensinanzas de grao, por cada 30 horas.

